



CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E O CONSELLO DA CULTURA GALEGA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS DE ALUMNOS DO CURSO DE POSGRAO PROPIO: CURSO DE EXPERTO UNIVERSITARIO EN XESTIÓN CULTURAL, FF5F

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Presidente do Consello da Cultura Galega, DECLARA:

Que este Consello da Cultura Galega ten previsto formalizar coa Universidade de Santiago de Compostela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 12 de abril ata o 30 de setembro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular os termos nos que se desenvolverán as prácticas do alumnado do curso de Experto Universitario en Xestión Cultural código FF5F, edición 2015/2016 na citada entidade colaboradora, fixando as pautas e mecanismos de colaboración entre as partes coa finalidade de establecer unha adecuada programación.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A adecuación dos programas educativos ás necesidades do mundo empresarial constitúe unha das preocupacións da Universidade de Santiago de Compostela.

O complemento que para a formación do alumno supón o coñecemento da realidade empresarial no ámbito das ensinanzas teóricas impartidas ao alumno é un dos obxectivos que a USC considera de maior importancia.

Todas as partes consideran necesario un maior acercamento entre o ámbito empresarial e a universidade, co obxecto de facilitar a futura inserción laboral dos universitarios mediante a alternancia da súa formación teórica con prácticas de empresa, acadando ó mesmo tempo a mellor cualificación e futura adaptación ós postos de traballo demandados polas empresas.

Todo iso evidencia a necesidade dun convenio que enmarque a cooperación educativa entre os asinantes e delimite as garantías recíprocas dos alumnos e as empresas no desenvolvemento do período de prácticas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 12 de abril de 2016